



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

### **ANUNCIO MEDIDAS ADOPTADAS COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS (COVID/19)**

#### **ANTECEDENTES**

Como consecuencia da pandemia xenerada polo coronavirus COVID-19 o Goberno de España mediante o Real decreto 463/2020 (publicado no BOE nº 67 de 14.03.2020) declarou o pasado 14.03.2020 o Estado de Alarma en todo o territorio español. Esta declaración comporta unha severa limitación dos desprazamentos e o peche dos establecementos comerciais.

Dictouse Resolución o 12 de marzo de 2020 da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao acordo do consello da Xunta de Galicia do mesmo día, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de suade pública na Comunidade Autónoma.

A Federación Galega de Municipios e Provincias, o 15.03.2020 ditou unha Instrución para os concellos galegos propoñendo a adopción de determinadas medidas. Entre as medidas propostas figura a suspensión das sesións periódicas ou ordinarias dos órganos colexiados municipais: Xunta de Goberno, Pleno, Comisións Informativas, etc, coa única excepción da Comisión de Seguimento do COVID-19 ou calquera outra que fose preciso celebrar.

#### **Polo exposto, esta Alcaldía Pedanía resolveu no día de hoxe, 16 de marzo de 2020:**

**Primeiro.** Decretar, que de xeito inmediato e durante o tempo que dure o estado de alarma declarado polo Goberno do Estado, o peche total da atención presencial nas oficinas desta Entidade, agás aqueles servizos que se declaren esenciais no punto segundo deste acordo.

**Segundo.** Declarar como servizos públicos esenciais os seguintes: 1) Oficinas de asistencia en materia de rexistro da ELM de Bembrive. 2) Brigada de obras e servizos. A atención nestes servizos esenciais serán unicamente telefónica (Tlfs. 986 423 148 -oficinas- e 619 419 314 -vías, obras e montes-) e telemática. A atención presencial motivada unicamente en razóns de urxencia precisará cita previa. Os núm. de teléfono e enderezo de correo electrónico de contacto aos que poderá dirixirse a cidadanía publicaranse na web desta Entidade ([www.bembrive.org](http://www.bembrive.org)).

**Terceiro.** Lembrar a toda a veciñanza a posibilidade de tramitación telemática da totalidade dos procedementos a través da sede electrónica (<https://bembrive.sedelectronica.gal/info.0>).

**Cuarto.** Todas as empregadas e empregados públicos desta Entidade cuxas funcións permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial. A tales efectos a administración facilitará formulas de teletraballo ou de traballo a distancia. Todos os empregados públicos que realicen funcións que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente, salvo que desempeñen funcións de carácter esencial.



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

Este persoal deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixan porque así o determine a Alcaldía Pedanía ou vocal responsable.

Naqueles casos en que as funcións de carácter esencial deban desempeñarse presencialmente, estableceranse as quendas necesarias para garantir a prestación do servizo e minimizar ao máximo o risco de contaxio laboral, arbitrando medidas organizativas para a protección da súa saúde, como pode ser a reordenación de espazos.

Todas as empregadas e empregados permanecerán localizables dentro da súa xornada laboral ordinaria. Deberán reincorporarse os seus postos de traballo de forma presencial se así se require por necesidades do servizo.

**Quinto.** Suspéndense os términos e interrúmpense os prazos para a tramitación dos procedementos. O cómputo dos prazos reanudarase no momento no que perda vixencia a declaración do estado de alarma ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

**Sexto.** Suspender a celebración das sesións da Xunta Veciñal e das restantes reunións de traballo, -coa única excepción da Comisión de Seguimento do Coronavirus COVID-19 que se puidese consituir-, agás as que esta Alcaldía considere imprescindibles por ser urxentes e inaprazables, e garantindo en todo caso a adopción de medidas para evitar posibles contaxios, e o principio de publicidade das actuacións dos órganos colexiados.

**Sétimo.** Pechar ao público, con efectos dende hoxe, día 16.03.2020, as instalacións desta Entidade Local que a continuación se indican e ata novo aviso:

- Todas as instalacións deportivas, pechadas e ao aire libre
- A totalidade dos parques infantís
- Tódolos parques forestais: P. forestal de Bembrive, do Pouso, do Galleiro, de Xestoso

**Oitavo.** Suspender temporalmente dende hoxe e ata novo aviso os espectáculos públicos e actividades recreativas (actividades de lecer, culturais, deportivas e similares) coa concreción seguinte:

a) espazos pechados: Suspéndese a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas con máis de 500 persoas en espazos pechados. En caso de estar por debaixo deste límite poderán celebrarse sempre que non se supere un terzo da capacidade autorizada, aplicando as medidas de distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias. Esta limitación non afectará espazos pechados cunha capacidade igual ou inferior a 50 persoas, ben que deberán aplicarse as medidas de distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias.

b) espazos abertos: Recoméndase a suspensión da celebración de actividades colectivas ao aire libre. En todo caso, suspéndense aquelas que concentren máis de 500 persoas (mercados, festivais, concertos, feiras, festas populares e similares). En todo caso, deberán aplicarse as medidas de distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

**Noveno.** Suspende temporalmente dende hoxe, e ata nova aviso os servizos da sala de Informática ou Centro Antena, Actividades da Ludoteca ou Campamentos, Actividades deportivas, culturais, medioambientais, de ocio e demais que puidesen estar programadas.

**Décimo.** Suspende temporalmente ata novo aviso a actividade de mercadillo de Bembrive, realizado os mércores.

**Décimo primeiro.-** Medidas de carácter xeral:

- 1ª Evitar as viaxes que non sexan necesarias.
- 2ª Non acudir a lugares con aglomeracións de xente especialmente sitios pechados.
- 3ª Lavar as mans frecuentemente; evitar tocar os ollos, o nariz e a boca; ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.
- 4ª As persoas que inicien síntomas respiratorios e/ou febre deberán permanecer no seu domicilio, sen acudir aos centros sanitarios, sempre que a súa situación clínica o permita, e ao seu lugar de traballo. As persoas que presenten a dita situación clínica, seguindo o protocolo establecido pola Consellería de Sanidade, poderán chamar ao teléfono 061 ou ao 900400116.
- 5ª Non realizar compras masivas de alimentos e produtos de limpeza e hixiene.
- 6ª Consultar as fontes oficiais de información do Ministerio de Sanidade (<https://www.mscbs.gob.es/>) e Sergas (<https://www.sergas.gal/Saude-publica/Novo-coronavirus2019-nCoV>).
- 6º Na páxina web [www.bembrive.org](http://www.bembrive.org) estará dispoñible información actualizada das medidas a adoptar así como a forma de proceder en caso de sospeita de coronavirus.

**Décimo Segundo.** Publicar este decreto nos taboleiro de edictos e na web desta Entidade Local, e dar traslado ao seu persoal, e ás e aos vogais da Xunta Veciñal.

Bembrive, 16 de marzo de 2020

A Primeira Tenente de Alcaldía,

Asdo.: Patricia Otero Carrera